

MORFOLOXÍA 1: REPASO DO VERBO

1. Analiza morfoloxicamente as seguintes formas verbais, indicando o significado que achega cada constituínte: andaríamos, venderedes, beberon, andes, chegardes, falarán, vendesen, partistes.

2. Pon os seguintes verbos en presente de subxuntivo:

- a) Non me (dar) máis explicacións; cando o (facer) eu aceptareino aínda que non (querer)
- b) Aínda que non lle (caber) xa máis nada no maletreiro, el segue carrexando cousas mentres (haber)
- c) El vai onde ti lle (dicir) non (ir) perderse despois.

3. Pon os seguintes verbos en presente de subxuntivo:

- a) Cando (parir) a vaca non (ir) saír correndo.
- b) Aínda que lles (traer) libros, non llelos (dar)..... todos á vez.
- c) Non (querer)..... facer máis do que (poder)

4. Pon os seguintes verbos en pretérito perfecto:

- a) Ela nunca (vir) onda min cando eu (querer)
- b) (Ir) á súa casa porque non nos (dicir)..... nada.

c) (Andar) canto (poder) , pero non (ser) suficiente.

5. Pon as seguintes formas verbais no tempo que se che indica:

a) Aínda que (poder, PLUSCUAMPERFECTO) axudarme eu non (querer, FUT. HIPOTÉTICO) que te comprometeras desa maneira.

b) Se (ter, IMPERF. SUBX.) todo feito agora (saír, FUT. HIPOTÉTICO) con eles.

c) Por (chegar, p5, INF. CONX.) cedo, (ter, PRET. PERF.) unha oportunidade.

d) Eu ben (saber, PRES. IND.) que nunca (querer, FUT. IND.) a ninguén así, por moito que ti me (dicir, PRES. SUBX.) que o tempo todo o cura.

e) Se (estar, IMPERF. SUBX.) máis atentos (dar, FUT. HIPOTÉTICO)vos conta de que o neno (estar, IMPERF. IND.) a pasar unha crise depresiva.

6. Indica cales dos infinitivos que aparecen nos seguintes enunciados son conxugables e cales non e explica o motivo. Nos casos en que sexa posible a flexión, fai as transformacións pertinentes:

a) Tes que comer todo.

b) É a túa obrigación recoller a habitación.

c) Debedes falar máis despazo.

d) Para chegar, cómpre que apuredes moito máis.

e) O titor mandoulles parar.

7. Escribe os participios dos seguintes verbos: encoller, posuír, erguer, elixir, disolver.

8. Transforma as seguintes frases de maneira que conteñan o infinitivo conxugado:

- a) Cando cheguemos á oficina xa falaremos.
- b) Se segues comendo así, engordarás.
- c) Por estudar pouco pásache iso.
- d) É preferible que descansen algo máis.
- e) A pesar de que puxeron todos os cartos, non chegou.

9. Sinala as perífrases das seguintes oracións e indica o valor que teñen:

- a) Levan a durmir toda a mañá.
- b) Puxéronse a falar da mili.
- e) Este traballo hai que rematalo canto antes.
- d) Hei de dicirlllo antes de que llo conten.
- e) A árbore foi arrincada polo vento.
- f) El xa llo ten advertido nalgunha ocasión.
- g) Debe pesar uns vinte quilos.

10. Explica o tipo de irregularidade que afectan ás seguintes formas verbais e as posibles alternancias que se producen no paradigma deses verbos: minto e loce.